

Feiradeza non necesita presentación. Estamos ante o certame de gando vacún de leite máis importante da provincia e referente en toda Galicia. Un ano máis -e xa van 34- Lalín será cita ineludible os días 7 e 8 de xullo para as nosas produtoras e produtores lácteos de quen estamos tan orgullosos por seren un dos vértices fundamentais na economía e na articulación social do noso municipio.

Feiradeza, como ben sabedes, ademais de ser o mellor escape para expoñer as cabanas gandeiras de maior calidade da nosa zona, converteuse nun espazo de intercambio de coñecementos, confraternidade, posta en valor e reivindicación dun sector moderno e ambicioso que permanece nunha reconversión constante e que foi superando nos últimos anos escenarios especialmente complicados.

Dende o Concello de Lalín, a pesar das escasas competencias que posuímos en materia agrogandeira, tratamos de aportar con humildade o noso gran de area en favor dunha actividade económica que é sustento de centos de familias, apoiando as reivindicacións dos profesionais agrarios por unhas rendas dignas, promovendo a unión de cooperativas ou poñendo en marcha bonificacións fiscais para as explotacións. Non obstante, son os propios gandeiros e gandeiras as verdadeiras artífices da súa superación e dos avances vividos no noso agro. Este progreso reflíctese na xa extensa historia de Feiradeza, onde se pode comprobar como os animais participantes foron mellorando edición e edición grazas aos esforzos dos produtores e produtoras pola mellora xenética, o que lles permitiu criar vacas con maiores rendementos e así afrontar con garantías os múltiples desafíos aos que se foron enfrontando.

Quero felicitar e darlles as grazas a todas as persoas que un ano máis colaboran para que este evento sexa unha realidade, especialmente ao persoal de Africor Pontevedra e ao concelleiro de Actividade Agraria, Nicolás González Casares. Despídome convidándovos a todos e a todas a participar destes dous días de concursos e exposicións de gando selecto e a gozar do moito que Lalín pode ofrecer.



Rafael Cuiña Aparicio
Alcalde de Lalín

*Cortar pola liña de puntos e depositar na urna

Exemplar para a urna

**SORTEO DUNHA
XOVENCA
PREÑADA**
OU 1.000 EUROS €

**SORTEO DUNHA
XOVENCA
PREÑADA**
OU 1.000 EUROS €

**SORTEO DUNHA
BECERRA**
OU 500 EUROS

Exemplar para a urna

**SORTEO DUNHA
BECERRA**
OU 500 EUROS

CALENDARIO DE ACTIVIDADES

VENRES DÍA 6 DE XULLO

10:00 - 19:00 h. ENTRADA DO GANDO,
verificación da documentación e aloxamento no recinto.

SÁBADO DÍA 7 DE XULLO

16:00 h. INAUGURACIÓN DE FEIRADEZA 2018.
16:15 h. Inicio do Concurso, Seccións de Xatas e Xovencas.
18:15 h. XIX Concurso Novos Manexadores.

DOMINGO DÍA 8 DE XULLO

10:30 h. Concurso de vacas de leite e campionatos.
13:15 h. X POXA DE GANDO FRISON.
14:30 h. Entrega de premios e sorteos.
14:30 h. Clausura e Xantar.

Este concurso será xulgado por:
D. POL COLLELL
Xuíz Nacional de CONAFE

XXXV FEIRADEZA • LALÍN

7 DE XULLO DE 2018
ÁS 4 DA TARDE, NO RECINTO FEIRAL.